

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para:

- A adquisición de equipamento e mobiliario para vivenda e oficina, incluídos equipos informáticos das instalacións do centro de acollida para mulleres en contextos de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata.
- A adquisición dun vehículo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade relixiosa de iniciativa social sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia co número de rexistro E-0137, cuxo fin é promover o desenvolvemento integral de todas as persoas especialmente das máis pobres e excluídas, contribuíndo a erradicar as situacións de pobreza e exclusión para que calquera persoa poida vivir con plena dignidade, serán colectivos de especial atención, entre outros, as mulleres en



situación de vulnerabilidade, as migrantes así como calquera outro no que concorran factores de risco ou exclusión social.

A entidade é titular dunha vivenda para mulleres en contextos de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e comprende os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Esta vivenda de transición a unha vida autónoma ten como obxectivo proporcionar ás mulleres que viven en contextos de prostitución e/ou son vítimas de trata de persoas con fins de explotación sexual un espazo seguro para levar a cabo un proceso de recuperación persoal e de autonomía plena para lograr a súa integración social, cultural e laboral.

Está integrada na Rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e ten como finalidade proporcionar aloxamento así como un espazo de protección que proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención ás persoas destinatarias do recurso. Acolle, protexer, dar seguridade, apoio profesional así como proporcionar un fogar e certa independencia económica é fundamental para abordar de xeito integral o proceso de recuperación e restablecemento das mulleres que viven esta situación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o financiamento dos investimentos que ten previstos realizar no dito centro, para poder ofrecer uns centros de acollida axeitados e equipados e que contén cunha infraestrutura idónea.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar recursos de acollida ás mulleres en contextos



de prostitución, explotación sexual e/ou vítimas de trata axeitados e cuns espazos de confort para atender a un colectivo especialmente vulnerable. Forma parte da Rede Galega de Acollemento recollida no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e como tal presta un servizo non só de acollida senón que realiza un acompañamento e asesoramento integral, nos aspectos psicolóxicos, xurídicos, sociolaborais, ás mulleres que el residen.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que hai que ter en conta a especificidade das características do proxecto que se vai a levar a cabo e a ausencia no ámbito territorial de Santiago de Compostela de entidades alternativas que dispoñen dos espazos e persoal axeitado para a acollida, valoración e diagnose que lle permite ao profesional acoller á muller que fai unha demanda urxente de protección e condicións de seguridade, así como a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

